

FORMACIÓN INICIAL PARA NOVOS EQUIPOS DIRECTIVOS. FASE I

Dirixidas á:

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado

PREGUNTAS DIRIXIDAS A MANUEL VILA

M^a Teresa Rodríguez. IES Virxe do Mar

- O Equipo de Orientación específica indica pautas a seguir con un alumno que ten risco suicida, as medidas que propón non se poden garantir. Se ocorre algo, de quen é a responsabilidade?

M^a Teresa Rodríguez Isto é unha suxerencia mais que unha pregunta

- A Porcentaxe de contribución de cada materia ás competencias clave debería estar acordada dende a Consellería. Cada profesor contribuiría ás súas en XADE e o programa debería facer o informe correspondente no Consello Orientador sen que o titor faga os cálculos ou que, dependendo do centro, a valoración resulte distinta.

Mateo Torres- IES Rafael Dieste

En relación á actuación número 4 dos contratos-programa, poderían expor algún exemplo de medida para reducir o abandono e o absentismo?

PREGUNTAS DIRIXIDAS A DOLORES REBOREDO

Anónima

- Son profe e nai de un neno con TDAH, que podo facer para que apliquen o protocolo de TDAH na avaliación cando no o fan?

María Guadalupe Iglesias. CEIP Infante Felipe de Salvaterra

- Nenos con alerta escolar ou algún tipo de problema de saúde (asma, etc) no meu cole plantexouse o problema referido á protección de datos xa que se elaborou unha lista en cada titoría cos nenos que presentaban problemas. Quen ten acceso a eses datos?

PREGUNTA DIRIXIDA A PATRICIA BRIÓN

Laura Amo EEI Monte Alba

Pertenzo á dirección dunha Escola Infantil, quero saber se o protocolo de absentismo escolar se pode aplicar na Etapa de Educación Infantil.

Mateo Torres- IES Rafael Dieste

En relación á LOPD, pódese publicar o listado de alumnado (nome e apelido) admitido/excluído no centro, no fondo de libros, etc..? É necesaria a autorización? É mellor publicar os últimos números dos DNI?

Anónima

Pódese publicar na web dinámica do centro a relación de alumnado por clase e a súa persoa titora?

PREGUNTAS FÁTIMA GARCÍA

Clara Rodríguez Núñez- IES Xulián Magariños

No caso de que un alumno ou alumna presente un informa médico de calqueira tipo, deb informase ao equipo docente ou primar o dereito á privacidade?

Sería posible crear un informe estatístico de aprobados e suspensos por materia e grupo?

PREGUNTAS SEN PERSOALIZAR

Silvia Gaspar García- IES de Allariz.

No meu centro soa a alarma de seguridade durante a noite da fin de semana. O Consello Escolar non aprobou a instalación de cámaras de videovixilancia.. Que teño que facer cando chaman da central de alarmas un sábado ás 3 da maña? Quen ten que ir abrir o centro para que entre a garda civil? Teño que estar dispoñible as 24 horas os 365 días do ano? Podo instalar cámaras sen a aprobación do Consello Escolar? Como o podo solucionar? Grazas

Rosa María Fernández Calvo- IES Pino Manso

Para cando a lei de avaliación? Ofrecerásenos algunha ferramenta para distribuír peso porcentual dos diferentes estándares de acordo co perfil competencial de cada materia?

Cristina Montes -IES María Casares

Solicitamos o STEMBach e as institucións científicas que están dispostas a colaborar con nós preguntan se deben adxuntar algo para a solicitude, se temos que asinar algún acordo e como xestionalo.

María Garrido- IES Cidade de Antioquía

Cal é o procedemento para facer todas as actas en formato dixital.

Laura Amo Figueroa- EEI Monte Alba

Que se pode facer co material informático antigo do centro: torres de ordenador, pantallas, televisores,...E coas impresoras útiles sobrantes no centro por chegada de novas impresoras??

Celso Fernández López: IES nº1. O Carballiño

Dado o número de protocolos, interaccións, intercomunicacións, colectivos e administracións participantes,informacións sensibles,...Quen é o/a delegado/a de protección de datos da Consellería, están adaptados os protocolos á Lei que entrou en vigor o 25 de maio?

Mª Carmen Aguado. IES A Xunqueira 1 Pontevedra

É Obrigatorio que o centro sexa plurilingüe para pedir o Bacharelato de excelencia de Linguas ou serve con ter seccións bilingües?

Natalia Dopazo. CEIP San Isidro. Neda

No caso de querer participar nun Plan Proxecta (Meteoescolas) e non contar co material pertinente (estación meteorolóxica) Como poderíamos acceder a ese material? É o centro o que o merca?

Anónima

No meu colexio hai páxina web, nela colgamos fotos do alumnado (ed. Infantil) facendo actividades. Os pais dan autorización. A protección de datos que, como a vedes? Estas fotos

quedan ano tras ano na páxina, necesitan autorización anual? Se a persoa titora da ás familias un cd/usb coas fotos de todo o ano, fai falla autorización expresa?

M^a Elena García CRA de Boqueixón-Vedra

Sobre a política de seguridade do centro : Apps como dropbox, Instagram,..., en que termos se redacta o documento? Hai algún modelo?

No caso dalgunha filtración ou mal uso externo, as responsabilidades en quen recaerían? No equipo directivo? No profesorado?

Antonio García. CPI Arquitecto Palacios.

Como implementar en Primaria a robotica?